

Num. 283



Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



Contra a privatización da auga



O pasado 18 de novembro, o pleno do Parlamento Galego aprobaba a Lei de Augas, que o 26 dese mesmo mes saía publicada no Diario Oficial de Galiza. O Sindicato Labrego xa fixo pública o seu frontal rexeitamento a esta decisión do Executivo Galego, pois se ninguén fai nada por impedilo antes de que a lei entre en vigor, o ente público Augas de Galicia pasará a estar xestionado por mans privadas. Ademais, vannos cobrar un novo imposto pola auga, a maiores do que xa pagamos polo subministro quen o temos.

Páxs. 4 a 6



Tareixa Ledo Regal presenta en Compostela seu libro "Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable"

O 18 de decembro, a compañeira Tareixa Ledo Regal presentou o seu libro "Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable", de Edicións Laiovento. Foi no Auditorio de Galiza (Compostela), ante máis de trescentas persoas, nun acto no que as palabras e as emocións acadaron cotas inesquecibles. Un día para o recordo que fixará na memoria non só as impresións do intre, senón tamén, a maiores, o labor calado e revolucionario de miles de mulleres labregas, e o xeito tamén revolucionario de liderar organizacións e loitas sociais de Lidia Senra, que agora acadan o seu merecido recoñecemento grazas á palabra lúcida de Tareixa.

Páxs. 8 e 9



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez

Colaboracións: Carme Freire,
Manuel Docampo, Isabel Vilalba,
Charo Sánchez Parga, Ana Eiras e
Diego Sánchez Agra.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23

Santiago de Compostela

Tlf: 981 580449

Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,

15705, Meixofrío. Santiago de

Compostela. Tlfno. 981 554 147

COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,

15705, Meixofrío. Santiago de

Compostela. Tlfno. 981 588 532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tlfno. 981 508 177

SANTA COMBA - R/ Carmen

Santiso, nº22, baixo. Tlf. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.

Tlf. 981 682908

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tlf: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tlfno. 981 789 781

SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

O BARCO - Casa sindical

Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.

Tlf. 988 477230 Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,

entrecán B. Tlf: 982 876155 / 659735862

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISSTlf/Fax: 982 462103

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf.982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrecán E. Tlf/Fax: 982 331 714

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tlf.

986 792 268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.

Rosales. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 986 718 526

2 / Sumario

nº 283
Decembro de 2010



Editorial, páx. 3

■ **Estado de alarma, por que e para que? Algúns apuntes para a reflexión.** O editorial deste mes analiza o estado de alarma decretado polo Goberno para atallar a folga dos controladores e das controladoras nos aeroportos. Que pasaría se, a partir de agora, o Goberno decide atallar todas as mobilizacións sociais botando man do exército?



Galiza, paxs. 4 a 10

■ **A Lei de Augas de Galiza.** O proxecto da Xunta de Feijóo de privatizar e cobrar polo noso dereito básico á auga bate de fronte cos intereses da cidadanía e, en especial, cos da Galiza labrega. Tres páxinas nas que se debulla polo miúdo o contido da lei e as súas consecuencias.

■ **A Plataforma Galega Antitransxénicos urxe á Xunta para que se pronuncie sobre os OXMs.**

■ **Apoio do SLG á sanidade pública.**

■ **Presentación do libro de Tareixa Ledo Regal "Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable"**

Aldea Global, páx. 11

■ **A reforma da PAC esquece os problemas principais da agricultura.**

■ **A Comisión Europea teima en legalizar máis OXMs en contra da opinión da cidadanía.**



Sectores Gandeiros, páxs. 12 e 13

■ **O Sindicato Labrego oponse ao contrato sen prezo que pretende impor o Goberno Central / A proposta da Comisión Europea para o sector lácteo aborta a posibilidade de fixar valores dignos para o leite.**



Congreso sectorial do Viño, páxs. 14 a 16

■ **O Congreso do Viño, que se celebrará en Ribadavia o 29 de xaneiro, inaugura o proceso do VIII Congreso do SLG. Neste Fouce publicamos o relatorio.**

Sectores Vexetais, páxs. 17 e 18

■ **Cooperativas vitivinícolas sociais fronte ás que poñen o lucro por riba das persoas.** Crónica da Xornada Nacional do Viño que o Sindicato Labrego celebrou en Ribadumia o pasado 6 de novembro.

■ **Resume do Seminario Estatal da Patata celebrado en Xinzo de Limia o 3 de novembro**



Montes, pax. 19

■ **Os cultivos enerxéticos comezan a invadir as terras agrarias e forestais da Galiza**

Mulleres, páxs. 20 e 21

■ **A Secretaría das Mulleres do SLG pídelles ao Goberno Central máis compromiso co problema da cotitularidade.**

■ **Plan Conecta: formación en novas tecnoloxías para mulleres.**

■ **Poderes públicos e medios de comunicación deben traballar máis para erradicar a violencia machista**



Eira, páxs. 22 e 23

■ **Taboleiro de anuncios:** Entre as novidades máis destacadas, o Seminario Europeo do Leite, as asembleas do sector leiteiro ou as axudas para paliar os danos da fauna salvaxe nas explotacións.

■ **Anuncios compra/venda/troco das nosas explotacións**

Contracapa, páx. 20

■ **Campaña contra os transxénicos no agro galego.** Listaxe das marcas comerciais de millo transxénico MON 810 comercializadas en Galiza.



Estado de alarma, por que e para que? Algúns apuntes para a reflexión

A principios de decembro e, ante a situación provocada pola mobilización dos controladores e das controladoras aéreas, o Goberno decretou o estado de alarma por quince días. Estado de alarma prorrogado polo Congreso ate o 15 de xaneiro do 2011.

Por moito que aos e ás representantes do Goberno se lles encha a boca dicindo que vivimos nunha situación normal, por moito que case ninguén diga nada, e por moito que as poucas voces discrepantes non se escoiten, non é normal que o Goberno resolva un conflito laboral decretando o Estado de Alarma, e menos que o Congreso, cos votos a favor do partido gobernante e coa abstención cómplice do primeiro partido da oposición, o prorrogue ate o 15 de xaneiro.

Nun artigo titulado, “Os controladores como pretexto”, o doutor en Enxeñería Aeronáutica, Manuel Martínez, afirma que, decretando o estado de alarma, o Goberno “cuestionou o dereito á folga en España ao deixar sentado que un militar pode obrigarse aos traballadores públicos (e quen sabe se mañá aos privados) a traballar a punta de arma regulamentaria e que a negociación colectiva se pode substituír polo decreto-lei”. Este mesmo autor afirma que o Goberno acada así a “paz social” que lle permita privatizar os aeroportos que son rendíbeis.

Noutro artigo titulado “Estado de alarma”, o profesor Carlos Taibo di que “a militarización dun servizo, a declaración dun estado de alarma e a

posibilidade de aplicar aos traballadores draconianas leis militares, ben poden configurar un axeitado banco de probas para o que se aveciña”.

Chama a atención que esta situación se dea, precisamente, nun momento de forte presión sobre as clases populares. Prezos de miseria para os nosos produtos, reforma laboral, conxelación das pensións de xubilación, reforma laboral...

“E cabe preguntarse, con este retroceso, que nos aplicarían cando fixemos aquela tractorada de 36 horas, amplamente apoiada pola cidadanía galega?”

Pero o gran capital aínda quere máis, ansía seguir convertendo en negocio todo o público.

A reforma das pensións xa está no debate (atraso da idade de xubilación, incremento dos anos cotizados para o cálculo

das mesmas...).

A privatización de servizos públicos esenciais como o ensino, a sanidade e os servizos sociais está no punto de mira.

A privatización de elementos esenciais para a vida como é a auga xa é unha realidade no noso país coa Lei de augas aprobada polo Parlamento Galego en novembro de 2010. As directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Consello da Xunta en decembro deste mesmo ano, abren as portas para poñer a terra a disposición das empresas da agromasa.

A situación que vivimos indica que o goberno actual vai recorrer ao que faga falla para intentar dismantelar as mobilizacións que poñan en perigo o obxectivo da privatización e, neste empeño, vai ser apoiado directa ou indirectamente polos partidos que defenden o neoliberalismo.

E cabe preguntarse, con este retroceso, que nos aplicarían cando fixemos aquela tractorada de 36 horas, amplamente apoiada pola cidadanía galega?



Unha lei galega para facer negocio coa nosa auga

A Xunta pretende privatizar un ben e dereito básico como a auga e cobrar polo seu simple uso e disfrute

O 18 de novembro o pleno do Parlamento Galego aprobaba a Lei de Augas, que o 26 de novembro saía publicada no Diario Oficial de Galiza. Se ningún fai nada por impedi-lo antes

de que esta lei entre en vigor, o ente público Augas de Galicia pasará a estar xestionado por mans privadas, e poderannos cobrar un novo imposto pola auga, a maiores do que xa pa-

gamos polo subministro quen o temos. Así, o Goberno de Feijóo vai facer de Galiza o único país en Europa que cede a súa auga, a nosa auga, a empresas privadas.

Que supón a Lei de Augas de Galicia?

A Lei de Augas de Galicia supón a apropiación e privatización de todas as augas de Galiza. Ademais, a Lei de Augas fixa un prezo para a auga, un canon que pretende establecer sobre toda a auga, a maiores do prezo do subministro que establecen os concellos ou as entidades subministradoras.

Os gobernos deben garantir o subministro e a calidade da auga para o consumo a toda a poboación, con independencia de se viven no rural ou en áreas urbanas, do grao de dispersión do asentamento... Os Gobernos tamén deben garantir, de xeito gratuito, auga suficiente e de calidade para os animais e para a agricultura entendida como actividade de produción de alimentos para a

poboación.

A auga é un ben básico para a vida e debe ser considerado como un ben público e universal, que debe cumprir, antes de nada, una función social de alimento e de hixiene. Por iso, toda normativa sobre as augas debería prohibir que se privatice, se saque beneficio ou se especule coa auga.

Podemos estar de acordo en que os usuarios e as usuarias, que contan con subministro municipal, corran cos gastos do subministro de auga que establecen os concellos, sempre que non exceda do custe do servizo, unha vez descontadas as subvencións públicas. Pero non estamos de acordo co prezo ao ben (auga) nin cos beneficios empresariais da xestión pri-



Carme Freire na rolda de prensa que ofreceu o SLG para informar da Lei de Augas, a Lei do Solo e as Directrices de Ordenación do Territorio

vada deste servizo. Non se pode seguir mirando para a auga como un instrumento de recadación nin de negocio.

A Lei de Augas de Galicia supón unha grande agresión á realidade galega, concretamente á das áreas rurais e dos pequenos núcleos, onde

as administracións sempre miraron para outro lado cando se trataba de dar servizos. Agora que tratan de apropiarse dos acuíferos e fontes, miran para o rural como unha reserva de augas de calidade coas que facer negocio.

A auga deixa de ser un ben público e universal para converterse nun ben con prezo administrado polas leis do comercio

Ata o de agora, pagamos polo subministro e a depuración da auga cando se nos prestan eses servizos.

Con esta lei, ademais de pagar polo servizo, pagaremos polo ben; é dicir, a auga pasa a ter un prezo. Por todas as augas, sexan de subministro público ou dos veciños, da superficie ou do subsolo, nazan en finca


pública ou privada, incluso a da chuvia e a do mar en case de seren aproveitadas, haberá que pagar un prezo.

Existirán exencións, descontos e actividades non suxeitas, pero toda a auga terá un prezo, e esa cantidade será administrada por xestión privada. Polo que se institucionalizará a privatización e a especulación.

A xestión privada asumirá todas as competencias da Xunta de Galiza en materia de augas

Até este momento era a Xunta quen asumía todas as competencias en materia de augas. Agora, coa entrada en vigor desta lei, Augas de Galicia asume todas as competencias en materia de augas e as obras hidráulicas, amais das competencias propias da política de abastecemento e saneamento, a intervención na planificación territorial e urbanística, e tamén en materia tributaria

das augas, que ten a Comunidade Autónoma.



Por que dicimos que a Xunta privatizou as augas?

Porque a empresa Augas de Galicia é a administración única e ordinaria da política de augas de Galiza. É unha empresa pública que axustará a súa actuación ao dereito privado. Isto significa que xestionará as augas (ben público universal) como unha empresa privada, do mesmo xeito que a xestión das instalacións públicas ou concesións. Quedando suxeita ás leis do mercado en todo o que non queda limitado nesta Lei de Augas.

O Parlamento perde o control das augas e

da súa xestión. Augas de Galicia só estará suxeita ao control da Comisión de Contas.

O concepto de privatización en Europa refírese ao control privado do abastecemento e da rede de sumidoiros dos espazos urbanos, así como á apropiación de fontes por parte de empresas privadas para comercializar a auga engarrafada. Feijoo foi máis alá no proceso privatizador e, por medio da Lei de Augas, privatizou o elemento, a auga, e o fixo extensivo a todas as augas de Galiza

Que é o coeficiente de vertedura?

É unha taxa que vai ligada á prestación do servizo de depuración das augas residuais urbanas. É incompatible coas taxas municipais por

depuración de augas residuais, pero é compatible con aqueles impostos destinados a costear da rede de sumidoiros.


Isto quere dicir que todo o que se verta a sumidoiros públicos, que hoxe non paga taxa por depurar, terá que pagar.

Como afecta ao subministro das vivendas?

Todas as vivendas terán que pagar o canon da auga, independentemente de que a traída sexa municipal, da comunidade de veciños e veciñas ou particular; tamén terán que pagar no caso de que a auga proceda dun pozo propio ou se aproveite a chuvia.

No caso de que a traída sexa municipal ou de empresa subministradora, haberá que pagar a maiores o prezo da depuración e do subministro.

O prezo vén determinado cunha parte fixa, que corresponde ao número de persoas que viven na vivenda; e unha parte variable, en función do volume de auga consumido. Establécese unha cota fixa de 1,50 € contribuínte / mes.



Fotomontaxe a partir da imaxe de Feijóo cunha manguera durante a vaga de lumes forestais que arrasou Galiza no verán de 2006. Agora, dende o Goberno da Xunta que preside, vén de atoparlle unha maior utilidade e rendemento lucrativo á nosa auga...

No caso de comunidades de usuarios legalmente constituídas ou captacións propias de usos domésticos, o coeficiente será de 0,1 €/m³ (refírese ás traídas propias das comunidades de veciños).

Independentemente de cal sexa o prezo resultante a pagar, a lei marca o desconto do 50% ao canon da vivenda habitual das familias numerosas.

Que persoas son usuarias da auga?

Son usuarias e, polo tanto, contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou as entidades que usen ou consuman auga de calquera procedencia ou calquera finalidade e mediante calquera aplicación.

Que é o canon da auga?

É un imposto que grava o uso e consumo, real ou en potencia, da auga no territorio de Galiza. Este imposto é compatible coas taxas que se aplican pola prestación do servizo, e de existir esas taxas o imposto aplicarase a maiores.

A quen se lle esixirá o pago do canon da auga?

Esixiráselle o pago do canon ás persoas físicas, xurídicas ou entidades, tanto polo uso como polo consumo de todas as augas: as facilitadas por entidades subministradoras; as que están en réxime de concesión; e mesmo as procedentes de captacións propias, superficiais ou subterráneas, inclusive os consumos ou os usos de augas da choiva ou mariñas.

Quen cobra o canon da auga?

Augas de Galicia é a empresa encargada de recadar o canon da auga que, no caso de espazos urbanos que contén con subministro municipal ou de empresa subministradora, quedará anotado aparte e a maiores no recibo. No caso de captacións particulares será Augas de Galicia a emisora do recibo correspondente ao consumo e uso da auga.

Como afecta a Lei de Augas á actividade agraria e gandeira?

Para os usos agrícolas, forestais e gandeiros suxeitos ao canon existe unha parte fixa de 2,50 € por contribuínte ao mes, e unha parte variable de 0,005 €/m³. Os usos agrícolas, forestais e gandeiros non estarán suxeitos ao pago do canon sempre que non exista contaminación por fertilizantes, pesticidas ou materia orgánica.

A lei fai referencia ao manual de boas prácticas agrarias e ás condicións que, en materia de augas, pon a condicionalidade. Neste caso, as cortes e outras instalacións gandeiras, a non ser

que contén cun sistema de depuración propia que non deixe residuos, terán que pagar.

No tipo de gravame que se aplique en función da contaminación producida, Augas de Galicia determinará de oficio a cantidade a pagar.

No caso de non estar obrigados ao pago, total ou en parte, por non contaminar, nas comunidades de usuarios e usuarias para usos agrarios ou gandeiros, a cantidade exenta virá determinada pola cantidade que para ese uso establece a concesión.



Cando non exista contador da auga, como se aplicará a parte variable do canon?

Usarán o método de estimación directa, podendo ter en conta a capacidade de extracción ou almacenamento (potencia da bomba, sección da canalización, capacidade do depósito, etcétera). Tamén poden aplicar o aproveitamento pola información que conste no rexistro administrativo do aproveitamento (caudal do acuífero ou cantidade que concede a concesión).

Os usuarios e usuarias que non dispoñan dun mecanismo de medición

directa (auga usada ou consumida) poderán acollerse aos sistemas de estimación obxectiva que se establezan no regulamento que xurda do desenvolvemento desta lei en materia de tributos.

No caso dos usos domésticos, a base impositiva do canon mediante o réxime de estimación obxectiva poderase determinar a partir dos volumes de dotación básica de auga para vivendas que se establezan nos instrumentos de planificación hidrolóxica.

AS DEMANDAS DO SLG DIANTE DA LEI DE AUGAS

1. Derrogación da Lei de Augas de Galicia.
2. Que as augas sigan sendo un ben público universal, sen prezo para as necesidades básicas das persoas e da produción de alimentos.
3. Que a planificación, a xestión e o subministro das augas sexa público, tendo en conta a súa función social.
4. Priorizar o consumo humano, dos animais e os usos agrarios a pequena e mediana escala.
5. O subministro e a depuración deberán ser públicos, pagándose só no caso de que se realice o servizo. O prezo non pode exceder o custe do servizo, descontando as subvencións. Ademais, o prezo a pagar polo servizo de subministro e depuración debe estar en función da renda do usuario ou usuaria.

a prevención é saúde coñece os riscos



TELÉFONO 112
EMERXENCIAS



EMPREGA ROUPA CÓMODA
E AXEITADA AO CLIMA DA
ZONA DE TRABALLO



EMPREGA OS EQUIPOS
DE PROTECCIÓN
AXEITADOS



LE AS ETIQUETAS
ANTES DE EMPREGAR
FITOSANITARIOS



BEBE AUGA ADOITO



SEGUE AS INSTRUCCIÓN
CANDO TRABALLES
CON MAQUINARIA



EXTREMA A PRECAUCIÓN
AO ACHEGARTE
A UN TRACTOR



ATENCIÓN ÁS ZONAS
DE ATRAPAMENTO
EN MAQUINARIA



FÍXATE NA SINALIZACIÓN



COIDADOS COS DESNIVEIS
DO TERREO



MANTÉN A POSTURA
AXEITADA CANDO
REALICES CARGAS



REALIZA ESTIRADAS
MUSCULARES ANTES
E DESPOIS DE TRABALLAR



CAMPAÑA DE COAG E SLG PARA
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
NO SECTOR AGRARIO

www.coag.org

Infórmate na túa oficina do SLG máis achegada

Lidia Senra Rodríguez e o xeito entrañable e humano de liderar as loitas sociais

Tareixa Ledo Regal analiza nun libro o liderado da ex-secretaria xeral do SLG e das labregas na historia de Galiza

O Auditorio de Galiza foi o escenario dun acto irrepitible onde Tareixa Ledo Regal presentou o seu libro “Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable”. Nesta obra, Tareixa

afonda no xeito de liderar da que fóra secretaria xeral do SLG entre 1989 e 2007, e no papel fundamental das mulleres labregas nas loitas e transformacións sociais deste país. Foi un

18 de decembro, data na que as labregas, colectivo silenciado e esencial para o sostemento do noso pobo durante séculos, conquistaron o seu espazo na historia escrita da Galiza.

Case sen querer, o acto de presentación do libro converteuse nunha homenaxe á traxectoria humana e social de Lidia Senra Rodríguez, encetada esta última a finais dos setenta, con ás penas 17 anos, nas Comisións Labregas da Terra de Lemos e que, de seguro, ha durar moitos anos máis: “Aínda me queda moita guerra por dar”, asegurou Lidia diante das máis de trescentas persoas que aitegaban o auditorio.

Pero vaíamos ao comezo. Guiados e guiadas pola palabra de Isabel Vilalba, que exerceu de moderadora, a primeira en falar foi Carme Freire, que se reu a Lidia Senra como “parte indisoluble da historia do Sindicato Labrego, de Galiza e do mundo, unha muller labrega que fai historia por ser como é, por crer no que cre e, sobre todo, por facer como fai”. Respecto do libro de Tareixa, Freire destacou o mérito da autora “de estudar e de compartir con nós o relato da construción colectiva dunha revolución. Unha revolución máis calada que outras, pero non por iso menos revolucionaria, que se está a producir no Sindicato Labrego Galego e que se enfronta ao máis difícil: loitar dende a crenza profunda de que un mundo mellor é posible, e de que se poden vencer todas as políticas neoliberais que nos esnaquizan como persoas e como pobos”.

■ Herdeira de María Castaña

Como representante de Edicións Laiovento, Xosé Manuel Beiras afirmou que era unha “honra” publicar

este libro, que se decidiu incluír na colección “Fóra de serie” porque ía falar “de mulleres fóra de serie como Lidia, Tareixa, Carme e tantas outras que tiveron que artellar a resistencia fronte a esa estratexia perversa e absolutamente etnocida de exterminio do campesiñado”. Neste senso, Beiras comparou a Lidia Senra con María Castaña, personaxe histórica que, coma ela, naceu en Pobra do Brollón, e liderou unha revolta en Lugo, no ano 1386, contra a opresión do poder eclesiástico e, en particular, contra o bispo Pedro López de Aguiar.



As persoas encargadas da presentación foron, de esquerda a dereita: Carme Freire Cruces, Lidia Senra Rodríguez, Isabel Vilalba Seivane, Tareixa Ledo Regal, e Xosé Manuel Beiras Torrado

“Agardo que este libro contribúa á loita pola igualdade das mulleres”

Tamén interveu, como non podía ser doutro xeito, a propia Lidia Senra Rodríguez, hoxe secretaria de organización do SLG. Lidia quixo centrar o protagonismo do acto nas mulleres labregas, parte fundamental da nosa historia e que, grazas a este libro, rachan o seu silencio despois de tantos anos de anonimato.

Senra tivo un especial agradecemento para toda a xente que fixo posible que fose elixida secretaria xeral do SLG, na primavera de 1989, o cal supuxo o inicio dun proceso de emerxencia das labregas desta organización agraria que hoxe se plasma en feitos como a paridade en todos os órganos de dirección ou a intensa actividade da Secretaría das Mulleres. Tamén tivo unha lembranza especial para aquelas persoas que foron importantes no devalar do SLG e que nos deixaron como Mari Carmen Taboada, Mariano Lema, Leopoldo López Rego, o señor Xulián de Trasluste, Augusto Gude de Castrillón e Moncho Valcarce; así como os compañeiros e compañeiras, e os traballadores e traballadoras que deron e dan vida ao sindicato.

Rematou Senra expresando a súa esperanza en que o libro de Tareixa contribúa a avanzar na loita global pola igualdade das mulleres, e tamén no “fortalecemento do SLG nesa gran loita por unha política agraria ao servizo da sociedade, con labregas e labregos en todo o territorio; pola dignificación da profesión labrega e polo mundo rural vivo que todas e todos soñamos”.

■ Palabra, música e emocións a mancheas.

Pero a presentación non ficou só en palabras. Houbo tamén a música de Caivanca e de Mini e Mero, que protagonizaron un dos momentos máis emotivos da xornada ao cantar o “Sementar, sementarei”. Tamén houbo un xantar labrego, con pan, compango, viños e licores das nosas explotacións; e barra libre, tralo xantar, á hora de expresar e compartir emocións e pensares ao redor da figura de Lidia Senra, tanto coa palabra, con intervencións que se sumaron ás da mañá; como co piano de Manuel Méndez Senra, ou as gorxas e pandeiretas da Asociación de mulleres labregas de As Medorras, de Oroso.

Tinta e terra nas unllas para escribir o facer indispensable das mulleres labregas

O libro de Tareixa Ledo Regal é o froito de tres anos de traballo e, de primeiras, tivo a forma dunha tese de Maxister de estudos de xénero na Universidade de Vigo. Pero o pulo que enche a obra vén de moi atrás, da fonda ligazón que a autora tivo sempre coa terra, coa aldea, fose en Pesqueiras, Romariz, Granada, Nueva Esperanza, Chiapas ou Cahabón de Altavapaz. Fonda ligazón coa terra e coas labregas. Coma elas, amais de tinta nas unllas, Tareixa ten terra. "Eu creo que a terra fala, e eu falo para falar da terra", cita Tareixa ao comezo do seu libro para resumir a cerna das súas intencións cuns versos de Lupe Gómez.

Indo ao miolo, Tareixa comezou a súa intervención compartindo o orgullo que sentía pola obra que estaba a presentar "Porque pon en valor unha muller labrega. Porque visibiliza ás mulleres labregas. Porque presenta un estilo de liderado novidoso, e porque no libro -como entre liñas- hai unha aposta pola construción das organizacións e do colectivo desde unha perspectiva diferente".

Precisamente, o liderado "entrañable", que Tareixa exemplifica en Lidia Senra, é un xeito de liderar que se contrapón ao clásico, vencellado a esquemas machistas e de carácter frío, xerárquico e mandatario. O liderado entrañable, pola contra, é unha maneira de liderar as organizacións e as loitas sociais que está a ser reinventado por mulleres como Lidia, e se caracteriza polo seu calor, proximidade e confianza coas persoas.



Varias instantáneas da xornada do 18 de decembro. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: Caivanca, Lidia Senra falando ante o auditorio, As Medorras de Oroso, Mini e Mero, Tareixa Ledo Regal durante a súa intervención, Lidia Senra visiblemente emocionada durante o acto, detalle do escenario, e as máis de trescentas persoas que ateigaron a sala Mozart do Auditorio de Galiza para asistir ao acto.

A PGA urxe á Xunta para que se posicione diante dos transxénicos

Representantes da Plataforma Galega Antitransxénicos mantiveron un encontro en Medio Rural

O pasado 17 de novembro, Charo Sánchez, Analía Moares e Adolfo Naia, da Plataforma Galega Anti-transxénicos (PGA), mantiveron un encontro coa subdirectora xeral de

Apoio ás Explotacións Agrarias, Patricia Ulloa, e o xefe do servizo de Sanidade e Produción Vexetal, Ramón Lamelo. Aínda que a xuntanza serviu para que Medio Rural dese

conta do seu traballo en materia de transxénicos, a PGA botou de menos que a Xunta siga sen pronunciarse sobre un tema tan transcendental para a nosa seguridade alimentaria.

O encontro iniciouse coa exposición que os cargos da Consellaría de Medio Rural fixeron do traballo desenvolvido no ano 2010 en materia de transxénicos: accións relacionadas coa parcela experimental de Mesía, o posicionamento unánime das comunidades autónomas en relación ás recomendacións en materia de coexistencia da Comisión Europea, ou a asistencia á comisión nacional de bioseguridade.

Aínda que esta parte da xuntanza foi positiva, así como o intercambio de pareceres, propostas e inxerencias posteriores; a Plataforma Galega Antitransxénicos botou de menos que a Xunta de Galiza siga sen posicionarse politicamente nunha cuestión tan transcendental para a nosa seguridade alimentaria como a li-



Charo Sánchez Parga, terceira pola esquerda, formou parte da comisión da PGA que se reuniu co persoal de Medio Rural

beración ao medio dos organismos xeneticamente modificados. Para a PGA, o traballo técnico desenvolvido pola Consellaría de Medio Rural carece de sentido se o Goberno Galego non fai pública a súa posición diante dos OXMs. Ademais, dende a PGA cuestionouse

en base a que posicionamento e directrices políticas se están a desenvolver todo o traballo e decisións técnicas realizados por Medio Rural en materia de transxénicos.

En relación ao devandito, a Plataforma fixo unha chamada de atención diante da pasividade demostrada

pola Xunta á hora de pór en práctica o acordo unánime, votado favorablemente polas tres forzas políticas do Parlamento de Galiza, de cara a realizar campañas formativas, informativas e de sensibilización coa problemática dos transxénicos entre a poboación galega; ou a establecer canles de comunicación estables entre a Administración e a sociedade civil neste particular.

Diante destes feitos, os e as representantes da PGA instaron a Ulloa e a Lamelo a transmitir as súas queixas ao Executivo Galego, e reclamaron que este se exprese e comece a desenvolver as accións acordadas polo Parlamento de Galiza en relación cos transxénicos e cuxa execución lle foi solicitada xa en reiteradas ocasións, sen ter obtido aínda unha resposta.

Apoio do Sindicato Labrego á manifestación de SOS Sanidade Pública

Milleiros de persoas percorreron as rúas de Compostela, o pasado 21 de novembro, para defender a sanidade pública. Esta enorme mobilización social foi unha resposta contundente ás políticas privatizadoras postas en marcha polo Partido Popular desde a súa chegada ao goberno. Esta manifestación foi apoiada coa presenza de varios membros do Sindicato Labrego, entre eles a súa Secretaria Xeral, Carme Freire.

Ao final da manifestación, a Plataforma expresou o seu desexo de que "ser escoitada polo goberno da Xunta", e advertiu que "de non ser así pode ter por seguro que este é só un paso máis na defensa da sanidade Pública, e que daremos tódolos necesarios para deixarlles as nosas fillas e fillos unha mellor sanidade da que nos atopamos, cen por cen pública, gratuíta e de calidade, e á que teñan acceso en igualdade de condicións o cen por cen da cidadanía".



Arriba, Carme Freire entre os e as representantes das organizacións que convocaron o acto; abaixo, instantánea da manifestación



Lidia Senra analizou xunto á Coordinadora Europea da Vía Campesina, en Bruxelas, os cambios que se queren facer na PAC

A reforma da PAC esquece os principais problemas da agricultura

A nova Política Agraria Común a partir de 2013 non regula os mercados nin crea mecanismos para fixar prezos xustos

O pasado 19 de novembro, a Comisión Europea adiantaba as liñas mestras da reforma da Política Agraria Común (PAC) prevista para o 2013. Diante delas, o Sindicato Labrego Galego expresou publicamente a súa decepción. A pesares de que a proposta da Comisión contiña melloras con respecto á PAC actual (na distribución dos pagamentos directos, por exemplo); e de que abordaba problemas como a seguridade alimentaria, a biodiversidade, o cambio climático ou o mantemento dos territorios rurais; a reforma proposta esquece atacar de raíz as causas que fan que o mundo rural e todos os sectores produtivos agropecuarios estean nunha crise permanente.

Para o Sindicato Labrego Galego, o principal problema que ten a agricultura na Unión Europea é a teima con liberalizar os mercados agrarios e deixalos baixo a

lei do máis forte, neste caso, a lei das corporacións agroalimentarias e da gran distribución. A reforma da PAC que nos propón a Comisión Europea non regula as relacións comerciais entre os labregos e labregas e as industrias, nin regula as producións. O resultado de continuar cunha PAC nestes termos coñecémoslos de abondo: prezos agrarios á baixa, miles de millóns do erario público para que os labregos e as labregas poidan sobrevivir malvendendo o produto do seu traballo a prezos por baixo dos custes de produción, e as multinacionais e grandes distribuidoras da alimentación amasando beneficios millonarios grazas aos nosos impostos e ao esforzo das explotacións. Unha fórmula perfecta para que na Unión Europea, e na Galiza, continúen pechando miles de explotacións e se desertice aínda máis o medio rural.

A CE teima en legalizar máis OXMs coa maioría da poboación en contra

O Eurobarómetro revela que o 61% da cidadanía na Unión Europea se opón ao consumo e ao cultivo dos transxénicos

O Sindicato Labrego tivo que saír de novo á palestra para denunciar unha nova tentativa da Comisión Europea de legalizar transxénicos. En concreto, a Comisión propúxolle ao Consello de Ministros da UE renovar a autorización do millo transxénico 1507 de Pioneer, para alimentación animal; e o permiso para comercializar o millo MON 89034 X MON 88017, de Monsanto, para alimentación humana e animal. Esta convivencia entre a CE e as industrias da manipulación xenética estendeuse tamén á Axencia Europea de Seguridade Alimentaria, que avalaou as autorizacións.

Trátase dun exemplo máis do poder que teñen os lobbies das corporacións transxénicas á hora de influír sobre os nosos gobernos e acadar o seu obxectivo de implantar os OXMs nas nosas leiras, aínda que sexa a costa de dismantelar a agricultura labrega e familiar e de privar aos pobos da súa soberanía alimentaria.

Este novo ataque da Comisión Europea contra a seguridade alimentaria, en aras dos intereses de certas industrias do sector alimentario, non é un caso illado. Neste senso, podemos citar a petición da Fédération Européenne de l'Industrie d'huiles et tourteaux (Fede-

ración Europea da Industria de Aceites e Tortas-Fediol), que lle pediu á Comisión unha "solución técnica" que permita a presenza "fortuíta" de transxénicos prohibidos na Unión Europea nos produtos alimentarios que fabrican. Alega a Fediol que "as cadeas de aprovisionamento de alimentos para o consumo humano e de alimentos para os animais están profundamente interconectadas e a súa separación total non é nin realizábel nin economicamente viábel". A isto engaden que "moitas oleaxinosas son importadas para completar a produción e o aprovisionamento na UE e son utilizadas, ao mesmo tempo, para a alimentación humana e animal" como soia, xirasol ou colza.

■ O meirande da cidadanía segue en contra dos OXM.

As argalladas da Comisión Europea contrastan coas últimas enquisas do Eurobarómetro, que revelaron que o 61% da cidadanía europea e o 53% do Estado Español rexeitan os alimentos transxénicos. Dende o SLG entendemos que, diante das demandas da cidadanía, a Comisión Europea e os estados da UE deberían adoptar unha posición de cautela e precaución cos transxénicos.



O empresario Eugenio Rey leva sen pagar o leite dende maio

O empresario de Melide, Eugenio Rey, leva sen pagar dende maio a moitas das explotacións nas que recolle o leite en varios municipios de Galiza. O Sindicato Labrego Galego ten constancia de produtores e produtoras a quen non se lles pagou en concellos tan dispares como A Estrada, en Pontevedra; Palas de Rei e Friol, en Lugo; ou Melide, Arzúa, Sobrado dos Monxes,

e Ordes, na provincia da Coruña. De primeiras, os servizos xurídicos do SLG asesoraron a varias explotacións para que lle enviase a Rey burofaxes dándolle un prazo de vinte días para que salde as débedas. En caso de non aceptar, estanse a barallar medidas de presión e mesmo acudir aos tribunais para que se lle aplique a Lei de Morosidade, que obriga a pagar antes de trinta días.



Instalacións de Lasurgal, empresa situada no polígono empresarial da Madanela (Melide) da que é propietario Eugenio Rey



Xa podes mercar o libro

“Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable”

de Tareixa Ledo Regal
(Edicións Laiovento)

Prezo de venda
ao público: **18 €**

Prezo especial
para afiliados
e afiliadas:

15 €

Á venda en todos os locais do Sindicato Labrego Galego

MONCHO VALCARCE
UN SÍMBOLO PARA GALIZA
DIARIOS INÉDITOS E OUTROS TEXTOS

VICTORINO PÉREZ PRIETO (Ed.)



Xa á venda o libro

“Moncho Valcarce. Un símbolo para Galiza. Diarios inéditos e outros textos”

Edición de Victorino Pérez Prieto
Editorial Trifolium

**Xa podes reservar os exemplares
que queiras na túa oficina do Sindicato Labrego Galego**

18 €

O SLG oponse ao contrato sen prezo para o leite que pretende impor o Goberno Central

As mobilizacións e boicot contra as industrias que menos pagan esténdense a Asturias e Cantabria

A día de hoxe, a Interprofesional Láctea (Inlac) segue empantanada en interminables comisións técnicas que, polo de agora, non foron quen de callar nunha demanda pola que cla-

man, de xeito unánime, os produtores e as produtoras de leite: un prezo que cubra custes e deixe rendas dignas nas explotacións. Mentres tanto, o SLG e a COAG seguen a presionar

para que as industrias acepten as demandas históricas do sector. Polo de agora, xa houbo boicot contra as empresas que se negan a pagar un prezo xusto en Asturias e Cantabria.

Unha das últimas reunións da Inlac tivo lugar en Compostela, o pasado 2 de decembro, e nela participaron a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, e Xosé Ramón Cendán. Nese encontro, a Inlac encargoulle á Universidade de Santiago a elaboración dun sistema de indexación de prezos para o leite. A petición viña enmarcada no borrador de decreto que o Ministerio de Agricultura presentou ás organizacións agrarias, o pasado 30 de novembro, para o establecemento de condicións de contratos obrigatorios no sector leiteiro.

Este decreto, en función do cal encargou a Inlac o sistema de indexación, evidencia que a actual Ministra de Agricultura, Rosa Aguilar, non ten ningún interese por protexer aos produtores e produtoras de leite da extorsión a que os levan sometendo, historicamente, as industrias e as grandes distribuidoras.

Se no decreto que regulará os contratos non se emprega un índice que contemple un prezo mínimo que cubra custes de explotación e salario, estes contratos seguirán sendo unha fraude para o sector produtor e seguirán levándonos á ruína.

A secretaria xeral do SLG advertiu que "se o Ministerio segue apostando por impoñernos contratos sen prezo, significa que será o mercado o que nos marque o valor do leite. Se a isto se lle engade a obrigatoriedade de asinar o contrato para percibir axudas da PAC, entón os produtores e produtoras



Carme Freire, primeira pola esquerda, nunha xuntanza da Inlac, en Madrid, que tamén se saldou sen resultados para o sector

non imos ter nin prezos nin axudas, o cal significará que seguirán pechando, paulatinamente, miles de explotacións; máxime cando na nova PAC se está trazando un escenario no que se nos propón o desmantelamento do control da produción e,

polo tanto, calquera mecanismo que garanta un equilibrio entre a oferta e a demanda, o que suporá caídas aínda maiores dos prezos no sector".

Carme Freire non aforrou críticas cara á nova Ministra de Agricultura, a cal, a pesa-

res de presentarse como dialogante, vai avala a creación dun contrato obrigatorio para o leite, a partir do 1 de xaneiro, "que o único que garante é a escravitude forzada dos produtores e produtoras a mans das grandes industrias e distribuidoras e, por extensión, a súa escravitude ao mercado".

■A COAG leva o boicot a Asturias e Cantabria

Tal e como anunciou o Sindicato Labrego Galego, as mobilizacións de cara a presionar ás industrias para que lle poñan un prezo xusto ao leite estendéronse fóra de Galiza. Neste marco, a finais de novembro, a COAG iniciou unha campaña de boicot contra as empresas que menos pagan o leite fronte á factoría de Leite Celta en Meruelo (Cantabria) e no Carrefour de Lugones (Asturias).

A proposta da CE para o sector lácteo aborta a posibilidade de negociar prezos dignos

O SLG considera un absoluto retroceso a proposta da Comisión Europea de fomentar a creación de agrupacións de produtores para negociar os prezos do leite coas industrias. En primeiro lugar, esta medida suporá a fragmentación do poder negociador dos produtores e produtoras de leite, deixando un panorama no que cadaquén vai tirar polos seus intereses particulares e non polos intereses colectivos do sector. A segunda consecuencia é que, cando se fragmente o poder negociador e desapareza toda posibilidade de negociación colectiva, será imposible acadar un prezo mínimo universal para o leite que cubra os custes de produción e os salarios das explotacións aínda en activo.

Se unha proposta deste tipo se aplicase noutros sectores laborais, os traballadores e

traballadoras non terían a posibilidade de ter convenios colectivos nin salario mínimo interprofesional que, por lei, calquera empresa está obrigada a cumprir.

Por todo isto, o SLG anunciou a súa frontal oposición a esta proposta de reforma da política leiteira na Unión Europea, pois a imposibilidade de fixar un prezo digno para o leite suporá que seguirán a pechar, de xeito masivo e paulatino, miles explotacións. Esta proposta de reforma, de ir adiante, deixaría nas gadoupas da gran distribución e das industrias, unha vez máis, aos produtores e produtoras, a quen se lle seguirán impoñendo prezos de miseria; e aos consumidores e consumidoras, que se farán aínda máis vulnerables ás marxes abusivas e aos produtos que lles impoñan unhas poucas multinacionais.

Especial: Relatorio do Congreso sectorial do Viño

O ano 2011 será o que acolla o VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego, decisión adoptada pola Dirección Nacional o pasado 5 de decembro de 2010. Desta maneira, no primeiro cuadrimestre do ano, celebraranse os congresos sectoriais, cuxa organización foi delegada na

Executiva Nacional do SLG. Neste senso, a Executiva decidiu que o primeiro deles será o Congreso do Viño, que se celebrará o vindeiro 29 de xaneiro en Ribadavia (Ourense). De seguido, publicamos o texto do relatorio que o sector do viño do SLG debaterá ese día.

Da análise da realidade que como SLG fagamos e dos nosos posicionamentos ante esta realidade, saíran as nosas alternativas. Coa mirada posta sempre na defensa dunha vitivinicultura social, ligada as persoas, a terra, as nosas variedades autóctonas e a unha cultura milenaria como nai sustentadora do sector. Neste modelo de viticultura social é imprescindible a digna permanencia dos viticultores e viticultoras e das pequenas adegas de colleiteiro/a. Neste sentido consideramos como factores fundamentais para a permanencia do sector:

1.- A Cultura do viño.

(1.1.) Cando falamos da cultura do viño non estamos a falar do que na historia da humanidade aportou o viño a todas as artes e disciplinas que ao decorrer dos tempos usaron as uvas e ao viño como elemento de inspiración e de recreación. Falamos da cultura propia do viño como a suma das sabedorías que non percorrer de mais de 2000 anos foron desenroladas ou descubertas polas persoas para facer das diversas actividades deste sector e do uso da bebida resultante un arte.

(1.2.) As persoas que dende épocas remotas traballaron as viñas foron quen de seleccionar as mellores variedades para cada zona, de ler na terra e no clima na procura da superación, de traballar con intelixencia para adaptarse aos gustos de cada momento. Todo para poder vivir da súa paixón e do seu traballo.

(1.3.) Os gobernos deben impulsar o coñecemento e a posta en valor da cultura milenaria do viño, como algo que forma parte do noso patrimonio e da nosa esencia como pobo.

(1.4.) A cultura inmaterial, como enorme riqueza que os antepasados/as nos deixaron como conservadores das variedades, da fertilidade da terra, das practicas culturais mais apropiadas e da sabedoría para sacar-

lle o mellor as nosas ribeiras. Ten un valor incalculable, e nese sentido temos que ser capaces de seguir adiante no bo camiño do modelo de vitivinicultura de calidade.

(1.5.) As variedades autóctonas. Cada vez vai ser mais difícil neste mundo globalizado, onde as únicas que mandan son as dinámicas do mercado, cun neoliberalismo cada vez mais depredador, manter a exclusividade das nosas castes autóctonas. De todos xeitos debemos seguir traballando na defensa das nosas variedades e que os nosos viños sexan un grande reflexo da grandeza e adaptación destas videiras.

(1.6.) A paisaxe só se pode manter con labregos e labregas traballando nas ribeiras. O abandono ou a viticultura industrial degradan o medio. Tamén actúan dun xeito preocupante para a paisaxe vitícola a forestación de terras agrarias, en especial cando acontece coas viñas.

(1.7.) A arquitectura do viño é un elemento fundamental das nosas ribeiras e dos pobos produtores. Non nos estamos a referir ás grandes inversións en adegas dos últimos tempos, nin da restauración de pazos e casas grandes para dedicar a adegas ou ao turismo enolóxico. Referímonos a arquitectura tradicional do viño, como a pegada que nos deixaron os nosos antepasados e neste sentido falamos das covas, das adegas, das muras e socalcos. Así como outras construcións menores que posibilitaban a elaboración e conservación do viño.

(1.8.) O viño como alimento Esta consideración foi o soporte fundamental do sector en toda a súa historia. Esta cultura milenaria mantivo e mantén un importante apoio social en Europa pola consideración do viño como un alimento fundamental para o corpo e o espírito, como unha bebida para o pracer, para o culto, incluso en tempos como unha menciña. De non haber tido esa grande importancia social na Europa

mediterránea, hoxe sería unha actividade residual.

(1.9.) Debemos seguir pelexando para que non cambie a consideración histórica do viño como un alimento fundamental da nosa gastronomía.

(1.10.) Popularizar o consumo responsable. Cada ano baixa mais o consumo de viño e bebidas derivadas en Europa, pasando en 20 anos de 75 litros por persoa e ano a 35 litros. Ao mesmo tempo o resto do mundo non aumentou o consumo de xeito significativo, a pesar de que as axudas da OCM para a promoción orientáronse a países terceiros de fora da UE.

(1.11.) Mellora o consumo de viño embotellado en detrimento dos graneis, e dentro do embotellado o de denominación de orixe ou indicación xeográfica, de gama media, son os mais demandados.

(1.12.) A baixada do consumo de viño non trae consigo unha baixada nos índices de alcoholismo, non é precisamente o viño o culpable dos trastornos na saúde que provoca o alcohol. Nin tampouco é o viño o culpable da alteración de condutas sociais, habería que mirar para outras substancias aditivas que a xente moza usa nas súas relacións sociais e de lecer en substitución do viño.

(1.13.) No SLG defendemos o consumo responsable e moderado de viño tanto nas comidas como en tempos de lecer e relación social.

2.- O Modelo social de viticultura

(2.1.) Nunha organización sindical como o SLG, que se debe a defensa dos viticultores e viticultoras, tamén a dos pequenos produtores e produtoras de uvas que deron o paso a elaboración como mecanismo de sacar un maior rendemento ao traballo das viñas. E que ademais se debe a Galiza, a defen-

Relatorio do Congreso do Viño 2

sa do propio e das peculiaridades das súas ribeiras e dos seus territorios. Temos que afinar moito mais cando falamos de vitivinicultura de calidade, nun momento onde se están a apropiar deste termino grandes empresas cunha estratexia depredadora, que intenta acabar cos pequenos e medianos, na procura dun modelo industrial, no que se considera ás persoas como simple man de obra, e na que priman os obxectivos especulativos.

(2.2.) Temos que falar de modelo social de calidade diferenciada, nese sentido resulta fundamental considerar:

(2.3.) As persoas o mais importante. Este é o único modelo que traballa no sentido da boa calidade diferenciada, onde os viticultores e viticultoras son a peza fundamental e básica para proporcionar uvas de calidade, imprescindibles para conseguir un bo viño. Este modelo social fixa poboación activa no rural, que actúan como mantenedores/as do medio.

(2.4.) Pero para que siga habendo xente que traballe nas viñas, resulta imprescindible, que exista un prezo razoable que pague todos os custes de produción incluído o salario digno, amais dunha certa estabilidade no tempo.

(2.5.) Facilitar a incorporación de xente moza, atendendo ás peculiaridades do sector incorporando nas axudas á primeira instalación, a instalación progresiva.

(2.6.) Ligar o viño ao territorio resulta fundamental no modelo social dos viños de calidade, cada ribeira cos seus solos, subsolos, climas e microclimas. Neste sentido o SLG defendemos as indicacións xeográficas protexidas (IXP) e as denominacións de orixe (DO), que como no caso galego refírense a zonas con características determinadas e diferenciadas. Estamos en contra de denominacións mais amplas que como a existente DO Catalunya ou a pretendida polo goberno do estado e prohibida pola UE: IXP Vinos de España.

(2.7.) Os viños propios de Galiza deben ser postos en valor polas institucións, os medios de comunicación, a restauración, as tendas e os consumidores/as. Debemos acabar por considerar como superior o de fora, xa que ademais de non ser certo, resulta moi lesivo para o mercado de proximidade dos viños tintos. Tamén debemos tra-

ballar mais nas nosas peculiaridades para afondar na diferenza que dará maior valor engadido ao noso produto.

(2.8.) A defensa do medio ambiente estase convertendo nun obxectivo nas nosas viñas, xa que somos conscientes de que a calidade vai da man da redución de produtos fitosanitarios, neste sentido valoramos importante continuar co esforzo de formación e de información, así como seguir dando o debate na base da nosa afiliación, de cara a tomar conciencia de certas alternativas que amais de resultar menos lesivas para nós e para o medio, son mais baratas.

(2.9.) Para o SLG a produción ecolóxica ou a biodinámica non é un obxectivo, senón unha opción. O obxectivo é camiñar na procura dunha maior independencia de insumos das nosas viñas, do mantemento da fertilidade e da estrutura da terra como mecanismos para dotar de longa vida e de saúde aos nosos bacelos e para conseguir boa calidade.

(2.10.) No SLG estamos en contra da manipulación xenética que se está experimentando e facendo en moitos alimentos, tamén no referente a viña e o viño. As OXM son unha agresión a riqueza xenética das cepas, a biodiversidade das viñas e tamén a peculiaridade dos nosos viños. No caso do uso de fermentos manipulados ou outras sustancias na vinificación, provocan a desaparición dos fermentos propios e crea maior dependencia ás nosas explotacións, resultando un atentado á saúde das persoas que consuman viños onde en calquera dos procesos se usaran Organismos Xeneticamente Manipulados.

(2.11.) Bebida saudable. O compoñente alcohólico do viño ten desatado nos últimos tempos unha persecución inxustificada, ocultando as vantaxes do consumo responsable e moderado de viño nas persoas adultas. Son moitos os estudos que falan das bondades do resveratrol e doutras sustancias anti-oxidantes que contén o viño, amais do seu efecto preventivo nas enfermidades cardiovasculares e nalgúns cancros.

(2.12.) O viño nas relacións sociais. Na nosa cultura existe unha tendencia a asociar certas relacións sociais e algúns tempos de diversión das persoas adultas, ao consumo de substan-

cias desinhibidoras e estimulantes. A introdución masiva, dende os anos 70, de bebidas carbonatadas e doces mesturadas con destilados de alta graduación procedentes de outras culturas, desprazaron en gran medida as nosas costumes culturais de consumir viño, sendo estas bebidas moito mais lesivas para a saúde e moito mais fácil de introducir en persoas moi novas.

3.- O mercado.

(3.1.) O mercado, nestas sociedades capitalistas nas que o poder reside nos mercados especulativos de capitais e de todo tipo, é un instrumento que manexan poucas decenas de grandes multinacionais que operan en todo o mundo. Estas empresas levan tempo traballando pola deslocalización do sector, por acabar coas denominacións de orixe e indicacións xeográficas, por cargarse o noso modelo social de calidade para instalar un modelo industrial. Este modelo foi ensaiado en Australia, Chile, Sudáfrica, China,... países cuns custes de produción moi baixos e con nulo control medioambiental dende os que pretenden desprazar aos viños europeos.

(3.2.) Europa é a gran produtora e é a gran consumidora de viño, e de momento é capaz de exportar mais viño do que importa, a pesar de que nos tratados internacionais de libre comercio se usa o viño como moeda de cambio, como tributo dos gobernos europeos a esas grandes multinacionais do viño de capital tamén europeo.

(3.3.) Precisamos de aranceis que graven as importacións, así como o control da produción e do mercado no marco da soberanía alimentaria.

(3.4.) A antiga cultura europea do viño que leva séculos formando parte do noso ADN é a mellor defensa contra o neoliberalismo uniformizador e contra a pretensión destas grandes corporacións de producir fora para consumir aquí.

(3.5.) O Autoconsumo. Na Galiza o autoconsumo é moi importante, non só nas zonas produtoras, tamén no resto do País. É moi bo que sexa así xa que supón un aforro importante para as familias e un soporte social grande para o sector. As familias que producen viño non só consumen o delas, tamén son compradoras habituais doutros

3 Relatorio do Congreso do Viño

viños para datas sinaladas, por curiosidade, por cultura, ...As xentes que fan viño para o autoconsumo das súas propias uvas ou de uvas que mercan, son fundamentais na extensión e na popularización da cultura do viño. De todos xeitos temos que traballar para que as uvas as merquen directamente nas ribeiras galegas, acabando coa entrada ilegal de “uvas do camiión” procedentes de fora.

(3.6.) Prezos e contratos das uvas. As mesas sectoriais do viño impulsadas polo anterior goberno da Xunta de Galicia, estableceron un marco de negociación de prezos mínimos e condicións de contratos homologados. Os contratos son voluntarios, teñen unha implantación moi desigual: en Rías Baixas entran en contrato a metade das uvas de D.O., no Ribeiro e en Valdeorras a cantidade non chega ao 20%, na Ribeira Sacra existiron contratos ate a pasada campaña, que non se negociou e en Monterrei a pesar dos esforzos feitos polo SLG nunca fomos capaces de chegar a acordo de prezo, polo que non houbo contratos.

(3.7.) A pesar de que o escenario non é o que nos gustaría, no SLG seguimos a defender a existencia destes contratos que obrigan e dan estabilidade por varios anos a parte produtora e a das adegas que os asinan, ademais serven como referencia de prezo ao resto do sector, e son unha referencia na maior parte das nosas comarcas vitivinícolas. Galiza non ten futuro dentro dun modelo industrial de viticultura, competindo en prezos con territorios con custes de produción moi baixos. Polo que seguiremos a traballar no modelo de viticultura de calidade dentro das cinco denominacións de orixe e das tres indicacións xeográficas protexidas, pero tamén na viticultura non amparada por estas figuras.

(3.8.) A comercialización dos viños de colleiteiro/a. Todos os viticultores e viticultoras temos vocación de facer viño, facémolo para o autoconsumo, en ocasións para vender a granel e en algúns casos damos o paso ao embotellado e etiquetado como mecanismo de estabilidade e de sacar maior rendemento económico.

(3.9.) Somos capaces de facer bos viños pero cada vez nos costa mais vendelos, o mundo do mercado é un mundo ocupado na súa maior parte por grandes multinacionais que operan en todo o mundo, nos mercados próximos ademais deses grandes grupos da alimentación, traballan comerciais profesionais que operan basicamente na hostalería. Esta realidade está mudando pola existencia cada vez maior de franquicias na hostalería ou por contratos de subministro de produto que cada vez están condicionando máis a carta de viños.

(3.10.) Nesta situación nada favorable para as pequenas adegas, precisamos incrementar a presenza do noso viño de colleiteiro/a na Galiza, traballando por ocupar un maior espazo no consumo das familias, apoiando decididamente dende o SLG a formación dos colleiteiros/as, e potenciando o debate e a comunicación como mecanismos válidos para procurar solucións a súa problemática específica.

(3.11.) A especulación no mercado do viño. Na política económica predominante no mundo mandan os mercados, e nos mercados mandan as grandes multinacionais e o capital financeiro. O viño non é unha excepción, aínda que é un dos sectores que mais se resiste a homoxeneización e a deslocalización promovida por estes mercados. Isto acontece grazas a carga cultural e social que conserva o viño en Europa.

(3.12.) A grande fragmentación (atomización) do sector en Galiza é unha boa ferramenta de resistencia contra a globalización e contra a industrialización, neste sentido o SLG seguirá defendendo aos pequenos e medianos viticultores e ás pequenas adegas familiares polo ben da supervivencia de todo o sector, e en contra dun sector controlado polas multinacionais.

4.- Unha nova OCM vitivinícola no marco da PAC.

(4.1.) A Política Agraria Común (PAC), debería ser a ferramenta da que se dotan os estados da UE para defender a súa agricultura. Neste sentido no SLG demandamos que se articulen medidas que garantan prezos dignos polas nosas producións, regulación e control da produción, e rematar coa liberalización total das importacións.

(4.2.) As axudas PAC traen consigo a condicionalidade que obriga a un compromiso medioambiental, no caso do viñado en Galiza son axudas PAC: a reestruturación de viñado, as do Contrato de Explotación Sustentable (CES), as axudas as adegas, o pago a cota dos consellos reguladores, e as axudas a incorporación.

(4.3.) Nesta liña reclamamos unha nova OCM específica para o viño, adaptada ás peculiaridades do noso modelo social de calidade, onde siga existindo: o control da produción e sexan os gobernos quen regulen os dereitos de plantación, no que continúen as axudas a incorporación de xente moza e a reestruturación de viñado; onde se blinde a utilización das nosas variedades autóctonas; onde se axude a promoción do consumo responsable de viño dentro da UE; e na que os gobernos asuman a defensa da cultura do viño como algo que é patrimonio de todos e todas.



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

Cooperativas vitivinícolas sociais fronte ás que poñen o lucro por riba das persoas

O Sindicato Labrego celebrou en Ribadumia unhas xornadas ao redor do cooperativismo no sector

O SLG celebrou, o pasado 6 de novembro, unha xornada nacional do viño que estivo centrada nos debates ao redor de proxectos cooperativos no sector vitivinícola. As máis de cen

persoas que asistiron, de todas as comarcas vitivinícolas galegas, puideron escoitar experiencias de primeira man como a do proxecto “Solaina Minei”, no Ribeiro; ou o da

adeza cooperativa Montagnac, na rexión francesa Languedoc-Roussillon. Non faltou a crítica cara a aquelas cooperativas que poñen o lucro por diante dos seus socios e socias.

Inauguraron a xornada Antonio Nieves e Xaime Méndez, impulsores do proxecto “Solaina Minei” no lugar d'As Bouzas, en Castrelo de Miño. Por mor desta iniciativa, toda unha zona que estaba condenada a morrer por mor do envellecemento da poboación e do abandono da actividade agraria, volve hoxe latexar grazas á unión da veciñanza nunha sociedade limitada e á concentración das súas terras para convertelas e mantelas como viñado.

Así, no que ata hai pouco eran 700 parcelas, case todas abandonadas, hoxe temos unha única superficie de 30 hectáreas, das que xa se plantaron 24 con viñas, a cargo de 58 socios e socias. Ademais, o mantemento desta explotación supón tres postos de traballo fixos, amais dos varios eventuais nas épocas de máis traballo, dinamizando económica e socialmente unha zona, ata agora, deprimida.

■ A adeza cooperativa Montagnac

En canto a Serge Azais, trátase dun viticultor francés da Confédération Paysanne que é tesoureiro dunha das adezas cooperativas máis grandes do mundo, Montagnac, na rexión de Languedoc Rousillon, con 2.300 hectáreas de viñedos e unha produción de 260.000 hectolitros e 20 millóns de botellas. Azais achegou o exemplo de como unha cooperativa de grandes dimensións, que podería caer de xeito doado nunha evolución cara a un modelo industrial, foi quen de non perder nunca o seu



Un cento de viticultores e viticultoras de todo o país déronse cita en Ribadumia para debater ao redor da cuestión do cooperativismo

sentido de motor social e económico da bisbarra. Isto fíxose grazas a unha aposta clara por crear postos de traballo ben remunerados na

zona (40 traballadores e traballadoras cun salario de 2.000 euros/mes), por manter unhas relacións humanas moi estreitas entre as persoas

asalariadas e @s 600 socios e socias, por darlle prioridade a métodos eco-lóxicos de cultivo e por decantarse cara a unha vitivinicultura de calidade ligada á terra e á xente que a fai posible.

Mesmo no relevo xeracional, a cooperativa xestiona a compra e traspaso aos socios e socias con menos superficie daqueles viñedos que, trala xubilación do propietario ou propietaria, quedan sen ninguén para traballalos. Deste xeito, a Montagnac é todo un exemplo de aposta pola calidade fronte á cantidade, de como reverter a riqueza xerada pola viticultura dunha zona na súa dinamización socio-económica e de como darlle futuro ao seu desenvolvemento.

O SLG en contra de que se sacrifique a calidade do viño por arrepañar maiores beneficios

Estes exemplos ilustran o modelo de vitivinicultura social e de cooperativismo polo que aposta o Sindicato Labrego Galego como alternativa á tendencia a industrializar o sector que manteñen algunhas cooperativas e adezas galegas. Disto falou, xa no serán, o responsábel do sector do viño do SLG, Manuel Docampo, que defendeu unha viticultura de calidade como garantía duns prezos dignos para a uva, fronte á pretensión dalgúns adezas, como Martín Códax no caso de Rías Baixas, de aumentar os rendementos da uva sen máis razóns que o xustificase có puro lucro e beneficio, sempre por riba de criterios como a calidade ou o prestixio da denominación de orixe.

Para o Sindicato Labrego, só se pode admitir a excepcionalidade cando haxa parcelas que superen a súa produción permitida, e sempre e cando o aumento só afecte a esas parcelas e as producións cumpran cuns parámetros de calidade. Autorizar maiores



Manuel Docampo defendeu unha viticultura de calidade como garantía duns prezos dignos

rendementos, aínda sen existir eses excesos, supón a posibilidade legal de permitir a entrada de uvas foráneas en Rías Baixas, práctica que o SLG rexeita e que, e a de que se impoñan prezos máis baixos para a uva excedentaria, tendencia que pode levar a unha desvalorización e desprestixio das nosas uvas.

Un seminario estatal da pataca en busca de solucións á “situación límite” do sector

SLG e COAG organizaron unha xornada sectorial en Xinzo onde se denunciaron prezos de 4 céntimos

O Sindicato Labrego Galego e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) celebraron en Xinzo de Limia, o pasado 3 de novembro, un seminario estatal

sobre o sector da pataca onde se xuntaron xentes de comunidades como Castela e León ou Euskadi con técnicos e técnicas de Pataca de Galicia, do Ministerio de Agricultura, e das

dúas organizacións agrarias. Entre as conclusións ás que se chegaron, o feito de que os produtores e produtoras do Estado, sexan de onde sexan, teñen uns problemas semellantes.

Esta problemática foi denunciada pola responsábel do sector da pataca do SLG, Manola Cerredelo, quen revelou que as explotacións pataqueiras galegas, nomeadamente as da Limia, están nunha situación límite, pois “se este ano repetimos uns valores coma os do ano 2009, con prezos en orixe entre 4 e 8 céntimos por quilo, teremos que pechar”.

Trátase de prezos ruinosos se os contrastamos cos custes de produción (fertilizantes, carburantes, semente, etcétera), que ascenden a 12-15 céntimos por quilo de pataca producida (sen incluír o traballo dos produtores e produtoras).

Tanto o responsábel do sector da pataca de COAG, Alberto Duque, como Manola Cerredelo, coincidiron á hora de sinalar como



O seminario xuntou en Xinzo produtores e produtoras de pataca de Galiza, Castela-León e Euskadi

peza clave para a supervivencia do sector a creación de contratos homologados

que fixen un prezo xusto para a pataca que, cando menos, cubra os custes de

produción e deixe unha marxe de beneficios digna nas explotacións.

Pouco asociacionismo, falla de promoción e carencia de OCM

O seminario tamén serviu para identificar algunha das principais debilidades do sector da pataca no Estado, que tamén se padecen en Galiza: a inexistencia, a nivel europeo, dunha Organización Común de Mercado e, polo tanto, carencia de axudas específicas para a pataca; ausencia dunha interprofesional na que estean representados todos os axentes do sector para debater e decidir nas cuestións que lles afecten; ou a segmentación das persoas que producen no sector, debido a que existen moi poucas iniciativas de asocia-

cionismo ou cooperativismo que reforcen a súa posición.

Dous exemplos a seguir que se citaron no seminario foron o de Francia, país onde o sector conta cunha organización interprofesional (CNIPT) e relacións comerciais fixadas a través de contratos homologados obrigatorios; ou Álava, onde existe un fondo de compensación para cubrir a diferenza entre os prezos de mercado e os custes de produción en caso de que os segundos superen aos primeiros.

No caso galego, Cerredelo subliñou a necesidade de que a Administración,



Alberto Duque e Manola Cerredelo son responsábeis do sector da pataca en COAG e Sindicato Labrego Galego, respectivamente

tanto a Xunta como o Ministerio de Agricultura, se impliquen na solución das carencias devanditas.

Ademais, reclamou máis promoción por parte da

Xunta da pataca producida no país, especialmente da Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, fronte a invasión de produto foráneo.

Os cultivos enerxéticos comezan a invadir as terras agrarias e forestais da Galiza

O prezo que pagan polo aluguer de terras imposibilita ás explotacións labregas ampliar a base territorial

Nos últimos tempos, estannos a vender o aproveitamento da agromasa como a solución á meirande parte dos problemas do mundo. Recórrese a unha serie de tópicos, de

carácter ambiental e produtivo, que nos falan de políticas verdes, dos beneficios da transformación enerxética deste recurso, de fontes de enerxía renovables, de recursos sostibles e do

mellor aproveitamento destes, da fixación do CO₂, da diminución do risco de incendios, das rendas a percibir, dos postos de traballo que se van crear, etcétera.

Con frases baleiras como as devanditas, se está a manipular á opinión pública, dándolle prioridade a un o modelo enerxético desbalizador e consumista que xa está a causar graves prexuízos na Galiza rural.

A promesa de crear enerxía a partir de agromasa crea a ilusión de que podemos continuar co consumo enerxético actual e medrar a un ritmo cada vez maior. Pero a verdade é que os cultivos enerxéticos non son unha fonte de enerxía sostíbel nin ambiental, nin social, nin economicamente. Pola contra, os cultivos enerxéticos non van solucionar nin a crise agrícola nin a climática, e entran en competencia directa coa produción alimentaria e forestal.

No ano 2008, aparecía o primeiro regulamento para a



A SAT na que traballa a responsable do sector leiteiro do SLG, Lupe Prado, en Santaballa (Vilalba), non pode ter base territorial porque os montes dos arredores, ao fondo, foron alugados para agromasa

instalación de centrais de biomasa en Galiza. A raíz disto, proxectáronse varias destas plantas transformadoras para a produción de enerxía eléctrica.

A pesares do ben que nolas pintaron, agora sabemos que non van ser viables

só coa utilización dos restos dos aproveitamentos forestais, nin coa roza e extracción da matogueira. As centrais de agromasa necesitarán estar abastecidas continuamente, polo que a única opción para que funcionen será a implantación de cul-

tivos enerxéticos nas terras agrarias e forestais.

Ademais, para obter o máximo rendemento, estas plantacións requiren facer un traballo de control da vexetación competitiva, abonado, tratamentos fitosanitarios e incluso rega. É dicir, esta industria ten unha gran dependencia de insumos externos e de produtos agrotóxicos.

Está claro que é mais que discutíbel que os cultivos enerxéticos vaian contribuír á diminución das emisións de CO₂. Pola contra, a produción de agromasa leñosa require un 57% máis de enerxía fósil para producirse que a que xera. Así, este tipo de produción enerxética afonda nun modelo de agricultura industrial baseada en monocultivos, tecnoloxía xenética, agrotóxicos e capital financeiro.

Cortas de eucalipto cada cinco anos para queimar e producir electricidade

Para conseguir os seus fins, as empresas da agroenerxía esixen que a administración as apoie con cartos públicos para plantacións e construción de centrais. Tamén demandan medidas de apoio da Política Agraria Común para favorecer os cultivos enerxéticos nas parcelas, e o cambio das lexislacións estatal e autonómica para patrocinalos en contra da produción de alimentos.

Deste xeito, estanse a ocupar terras que se dedicaban antes á produción alimentaria e forestal e que aportaban un maior valor engadido, mantiñan postos de traballo e contribuían ao desenvolvemento e á vida do noso medio rural.


Amparadas polos gobernos, as empresas de aproveitamento de agromasa para produción enerxética están a facerse con terreos en aluguer por 10

anos, nos que farán dúas quendas produtivas.

Estas empresas ofrecen unhas cantidades de cartos por hectárea e ano que non poden asumir os labregos e as labregas da zona que viñan utilizando esas terras de xeito habitual mediante acordos cos propietarios ou as propietarias.

Na comarca da Terra Chá, nas mellores terras de monte, Ence xa comezou a facer plantacións de eucalipto, a densidades elevadas e para cortas cada 5 anos. A súa intención é comezar a plantar, agora, en terras agrícolas. Neste intre, xa hai labregos e labregas que viron coutado o seu acceso a pasteiros que, a partir de agora, converteranse en leiras de cultivos enerxéticos.

Para o Sindicato Labrego Galego, é



necesaria a reorientación das políticas agrarias no medio rural. As explotacións agropecuarias e a boa xestión do monte poden contribuír a facer fronte á crise actual da produción enerxética por outras vías que as que nos impoñen actualmente.

As políticas agrarias teñen que ir enfocadas á alimentación humana e animal que necesitamos no noso territorio e, para iso, precisamos que se manteña a superficie agraria actual das nosas explotacións, amais de facilitarlles o aumento e o acceso a nova superficie.

A Secretaría das Mulleres defendeu en Madrid a cotitularidade compartida

Solicitoulle seriedade ao Ministerio de Agricultura para solucionar a discriminación de máis de 35.000 labregas na Galiza

A responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, estivo reunida en Madrid, o 20 de decembro, coas persoas que integran a Grupo Interministerial da Titularidade Compartida en Explotacións Agrarias. O obxectivo deste grupo, no que hai representantes de varios ministerios -como o de Traballo, Facenda ou Agricultura- e de varias organizacións de mulleres rurais, está a buscar fórmulas para lograr a igualdade das labregas que traballan xunto aos seus compañeiros nas explotacións sen ser titulares das mesmas.

Trátase dun grave problema que están a sufrir 400.000 mulleres en todo o Estado e 35.000 na Galiza. Estamos a falar miles de mulleres que, en pleno século XXI, traballan a tempo completo en explotacións que están a nome dos seus cónxuxes e que, polo tanto, carecen de ingresos propios e de dereitos sobre a explotación, que non poden solicitar axudas ao seu nome, nin xestionar ningún tipo de trámite, nin ter beneficios fiscais. Así, atopámonos con miles de mulleres nunha situación de

vulnerabilidade extrema que, mesmo, fai que moitas se resignen a seguir no fogar incluso en casos de violencia doméstica.

Para a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, a única solución para rematar con este problema é recoñecer que nas explotacións que estean rexentadas por un home e unha muller, se recoñeza a existencia de dúas persoas titulares en pé de igualdade.

As solucións por fórmulas xurídicas e voluntarias de tipo societario que se están a barallar no Grupo Interministerial non resolverán o problema, pois ese tipo de fórmulas xa existen sen que lle servisen de nada a case medio millón de mulleres labregas no Estado, amais de supor unha opción complexa de máis polos trámites e xestións que implicará.

Así, a Secretaría das Mulleres do SLG agarda que, finalmente, o Goberno do Estado avance no recoñecemento pleno das mulleres no seu traballo como labregas titulares nas explotacións sen complicar máis, con novas fórmulas xurídicas, un proceso que xa leva demasiados anos de demora.



Grazas ao Plan Conecta, moitas mulleres labregas estanse iniciando na Internet e outro

O Plan Conecta achega as novas tecnoloxías ás mulleres labregas

Durante o ano 2011 celebraranse novos cursos por toda Galiza para os que xa está aberta a matrícula

Ser muller en calquera ámbito significa ter que afrontar toda unha serie de desigualdades e de dificultades, as cales son aínda maiores se se trata de mulleres dedicadas a actividades agrarias e gandeiras e residentes no medio rural, debido á tradicional carencia de infraestructuras deste espazo. Fronte a esta situación temos que enmarcar o programa de formación en novas tecnoloxías para mulleres que está a desenvolver o Sindicato Labrego Galego por toda Galiza e que está centrado na iniciación a Internet.

En calquera caso, esta proposta formativa non está servindo só para beneficiar ás mulleres, senón que forma parte dunha aposta máis ampla a favor da sustentabilidade social e a calidade de vida no medio rural. Isto é así porque, grazas a esta formación, as mulleres participantes beneficianse dos catro principios básicos da igualdade de oportunidades: cidadanía,

entendida como disfrute de dereitos civís e sociais; empoderamento, non só como acceso a postos onde se toman decisións senón tamén como autonomía; transversalidade, xa que se trata de actuacións que implican diversos ámbitos; e innovación, xa que o acceso a Internet supón o acceso á sociedade da información.

■ Matrícula aberta para novos cursos no 2011

Polo de agora, fixéronse oito cursos nos que participaron 120 mulleres en lugares como Lugo, Ordes, Ribadavia, Xinzo, A Estrada, Vilalba, A Mariña e Meira.

Este programa formativo desenvolverase tamén ao longo do ano 2011 por todo o país adiante, polo que se es muller e estás interesada en iniciarte nas novas tecnoloxías, ponte en contacto co local do Sindicato Labrego Galego da túa bisbarra para solicitar información e inscribirte.

VIII Encontro anual da Secretaría das Mulleres do SLG

25, 26 e 27 de marzo de 2011
Xinzo de Limia (Ourense)



*Animáate a participar!
Xa podes inscribirte no teu
local comarcal do SLG*

Comunicación e poderes públicos deben facer máis contra a violencia machista

A Secretaría das Mulleres reclamou a súa implicación no 25 de novembro para erradicar esta lacra social

A Secretaría das Mulleres do SLG aproveitou o 25 de novembro, Día Internacional da Non Violencia contra a Muller, para lembrar os 340 feminicidios que houbo dende que se

aprobou a Lei Integral contra a Violencia de Xénero, vai agora para cinco anos. Esta cifra aterradora demostra que non abonda só con legislar; tamén hai que facer un intenso


traballo educativo para que muden as consciencias. E, para iso, o SLG reclamou máis implicación dos medios de comunicación e das administracións públicas.

Dende o 29 de xullo de 2005, data da aprobación da Lei Integral contra a Violencia de Xénero, 340 mulleres foron asasinadas a man das súas parellas ou ex-parellas sentimentais, acordáronse máis de 140.936 ordes de protección nos xulgados de violencia sobre a muller. O total de condenados na xurisdición penal por violencia de xénero ascendeu a 145.166.

No que vai de ano, 62 mulleres perderon a vida a man das súas parellas ou ex-parellas sentimentais. Delas, 14 denunciaron con anterioridade aos seus agresores, segundo informou o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. Estas cifras superan as recollidas na totalidade do 2009, ano no que se rexistraron 55 casos (50 ata o mes de novembro). No día internacional contra a violencia que afecta ás mulleres, observamos con gran preocupación o incremento de comportamentos violentos, sendo un dos seus trazos máis visibles a terrible cifra de 62 mulleres asasinadas no estado español neste 2010.

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, neste 25 de novembro, queremos solicitarlles ás administracións

públicas unha implicación definitiva para erradicar a violencia que afecta ás mulleres. As cifras amósanos con claridade que esta é unha problemática para a que non se deben escatimar medios e respecto á cal non pode haber ningún tipo de recorte orzamentario. Pola contra, máis ben serían precisas medidas adicionais para erradicar esta lacra social, como, por exemplo, que a Administración actúe para prohibir a divulgación de modelos que incitan a este tipo de violencia.



O SLG participou en numerosos actos contra a violencia machista por toda Galiza, coma o da fotografía, celebrado en Vilalba (Lugo)

Intimidación, poder e violencia sobre as mulleres abundan nos medios

Neste senso, a Secretaría das Mulleres denunciou que segue a haber espazos nos medios de comunicación nos que as mulleres aparecen como obxecto sexual e modelos masculinos nos que se pon énfase na intimidación, no poder e na violencia.

Ademais, a maioría dos nenos e nenas de calquera contorno, urbano ou rural, están expostos e expostas a programas nos que se amosan as peripecias de adolescentes en relacións amorosas e sexuais, estereotipadas e machistas. Así, a mocidade é presionada para volverse activa sexualmente, antes mesmo de coñecer as bases emocionais ou a información precisa para unha sexualidade responsable.

Tamén son habituais os espazos nos que se divulgan valores antidemocráticos e patriarcais, nos que as nenas e as mulleres

só son valoradas en función do seu aspecto, tratadas coma obxectos para agradar aos homes, ou sometidas a vexacións polas súas opinións, físico, etcétera.

Aínda que non é xusto responsabilizar aos medios de comunicación do fenómeno da violencia sobre as mulleres, si que teñen un importante papel na sociedade actual, e inflúen decisivamente á hora de transmitir determinados valores.

Por todo o devandito, a Secretaría das Mulleres do SLG solicitou que, dende a Administración e dende os medios de comunicación, se traballe para transmitir valores que contribúan a formar unha sociedade máis xusta e igualitaria para as mulleres e para os homes, e na que a discriminación e a violencia contra as mulleres sexan rexeitadas con contundencia.



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta**

(a chamada non se rexistra no recibo da compañía telefónica)

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Asembleas do leite do SLG para informar sobre o contrato obrigatorio sen prezo e a nova lei de organizacións de produtores

Vilalba	11 xaneiro, 12:00 horas, restaurante Terra Chá.
Santa Comba	11 xaneiro, 21:00 horas, local do SLG (R/ Carne Santiso 22)
Ordes	12 xaneiro, 21:00 horas, restaurante O Túnel
Teixeiro	12 xaneiro, 15:30 horas, Casa Miraz.
Cambás	12 xaneiro, 21:30 horas, local social Toxiño.
Curtis	13 xaneiro, 15:30 horas, Cooperativa Caba de Vales.
Touro	13 xaneiro, 15:30 horas, local parroquial.
Urdilde	18 xaneiro, 15:30 horas, hostel Marinovo.
Lalín	10 xaneiro, 22:00 horas, local do SLG (R/ Areal 1)
A Estrada	12 xaneiro, 22:00 horas, restaurante Don Juan
Melide	12 xaneiro, 15:30 horas.
Arzúa	11 xaneiro, 16:00 horas.
Ribadeo	14 xaneiro, 11:00 horas, salón de actos da casa sindical

Axudas para prever e para paliar os danos producidos polo lobo sobre o gando

Axudas para fomentar medidas de protección contra o lobo en explotacións extensivas ou semiextensivas de gando vacún, cabrún e ovino saneado. Subvencionarase a adquisición de cans mastíns e pastores eléctricos ligados ao emprego de curros con malla electrificada e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada. **O prazo remata o 15 de xaneiro.**

Támén saíu a orde que regula as axudas a explotacións afectadas polos ataques do lobo. Estas axudas comprenden os danos

producidos polo lobo desde o 1 de outubro de 2010 ata o 30 de setembro de 2011. Para os danos producidos entre o 1 de Outubro de 2010 e o 17 de decembro, día de publicación da orde, establécese o prazo de un mes para facer a correspondente solicitude (**ata o 17 de xaneiro**). Para os danos que se produzan de aquí en diante, tamén haberá o prazo de un mes dende que se produzan para formular a solicitude.

Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Aviso aos xubilados e xubiladas con complemento de mínimos na súa pensión e con ingresos adicionais

O sistema da Seguridade Social garante un complemento a mínimos ás persoas cuxa pensión non alcance a contía mínima establecida anualmente.

Polo tanto, os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción do pensionista de rendementos íntegros de

traballo persoal por conta propia ou allea (por exemplo: a venda de animais, de leite, etcétera), e/ou de capital, ou calqueira outro rendemento substitutivo destes, cando a suma de todas as percepcións, excluída a pensión a complementar, exceda dos 6.923,90 euros anuais.

Axudas para o fomento do sector equino

As liñas de axuda serán as seguintes: Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas equinas ou explotacións agrarias equinas dedicadas á produción e cría de équidos, axudas ás asociacións e agrupacións de pequenos e medianos produtores de équidos, axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á

transformación e comercialización de carne de cabalo, axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións, axudas á formación.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **7 de xaneiro de 2011**.

Poden obter máis información na súa oficina comarcal do Sindicato Labrego Galego máis achegada.

Cursos formativos en Betanzos e San Sadurniño

BETANZOS

■Curso de Informática para Mulleres. Martes de 15:30 a 19:00. Do 11 de xaneiro ao 22 de febreiro.

■Xornada de Horta, 7 de febreiro en Betanzos.

■Curso de Informática (Identificación bovina), na comarca de Betanzos. En febreiro e marzo.

-Información e inscricións nos cursos de Betanzos: 981 773 377

SAN SADURNIÑO

■Curso de Informática

■Curso de herbas e plantas aromáticas. Información no local de San Sadurniño (981 49 04 30 ou 698 125 154).

Seminario Europeo do Sector Lácteo Santiago de Compostela, 21 e 22 de xaneiro de 2011



Perspectivas do sector lácteo ante a desaparición do sistema de cotas en 2015: alternativas produtivas para mellorar a rendibilidade das explotacións no marco da PAC

Inscribete no local do SLG da túa comarca



Organiza:



Colabora:



Cofinancia:

COMISIÓN EUROPEA

DIRECCIÓN XERAL DE AGRICULTURA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Dirección K: Relacións Interinstitucionais, Comunicación e Documentación
K1: Comunicación interna e externa

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Egua, cruce hispano-árabe, moi mansa, vale para calquera persoa.
Chamar ao 660 606 081

Véndense:

-Pisón de 190 cms. con rodas
-Ringleirador de correas super 160
-Fresa Agrator 160
Chamar aos números de teléfono 981 788 693 e 626 591 251

Véndese

-Sala de muxido Magnus de 2'5, con retrada automática, medición e estrutura. Bo estado e bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 661 332 991 e 661 332 970.

Véndese

-Galiñas piñeiras e pitos piñeiros.
Chamar ao 981 500 608. (Arzúa)

Véndese

-Cabras en Vereia (Ourense).
Chamar ao 646 098 727

Véndese

-Circuito de 3 puntos Alfa Laval.
-Tanque do frío de 550 litros marca JUPPY
Chamar aos teléfonos 660 485 856 ou 619 087 727 (Boimorto).

Véndese

-11 xovencas e cuxas pequenas por cese de actividade (Cesuras).
Chamar ao 981 790 233

Véndese (por xubilación)

-Remolque autocargador Lacasta P11
-Cisterna Carruxo 4.000 litros
-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous
-Tanque para leite Packo 800 litros
-Circuito Manus 4 puntos
-Sulfatadora para tractor
-Rotoempacadora carro Mascar 120
-Preguntar por Raúl no teléfono 982 312 200 (Castroverde)

Véndese

-Adubo xa compostado de explotación de gando vacún en San Amaro (Ourense)
Preguntar por David no teléfono 646 074 892

Véndese

-Cisterna marca "Magal" 2.500 litros en bo estado
Chamar ao 629 324 129 (Barreiros)

Véndese

-Silo de 8.000 quilos, dividido.
Tanque de frío de 750 litros.
Preguntar por Anxeles ou Lalo no 982 137 620

Véndese

-Fresadora Agrator de 1'60, reforzada.
-Segadora BCS.
Chamar ao 690 376 048 (Oroso)

Véndese

-Xovencas preñadas e becerras de raza vianesa, inscritas no libro xenealóxico de razas autóctonas en perigo de extinción (Lousame).
Preguntar por Fernando no teléfono 679 192 242.

Véndese

-2 bois de dous anos de idade (Cerdido)
Chamar aos teléfonos 607 619 326 ou 981 417 378

Véndese

-Plantas de feixoa en maceta.
Varios prezos segundo tamaño.
Chamar ao 620 524 197

Véndese

-Rulos de herba seca (Lugo)
Chamar ao 649 147 614.

Véndese

-27 ovelas e 2 machos en Baños de Molgas (Ourense)
Preguntar por Constantina no 669143494

Véndese

-Coche sen carné (en Lugo)
Chamar ao 653 204 315

Véndese

-Opel Vectra 2000 inxección
-Enroladora John Deere 570
-Rotativa Deutz Fahr 1.95
-Autocargador JB 22m
Todo semínovo. Zona de Lugo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Colleiradora de patacas (Grimmel 650)
-Desbrozadora de patacas (3 regos)
-Tractor John Deere 1635 con pala
-Regadío con motor de 14 c.v.
-Remolque (10.000 quilos)
Chamar ao 619 904 183 (Xinzo de Limia)

Véndese

-Carretilas de segunda man.
-Tolva con cinta transportadora e con velocidade regulable.
-Dúas cadeas arrincadoras de patacas Aguirre
-Pincho para cargar rolos
Preguntar por Xosé Antonio no 650 019 275 (Xinzo de Limia)

Véndese

-Tractor marca Lamborghini 1050 (Seminovo)
Preguntar por Ánxeles no teléfono 988 442 057 (Allariz)

Véndese

-Mural expositor refrixerado, serie inoxidable, con: cortina nocturna, iluminación superior, catro niveis de estantes, dimensións (1975 de longo x 632 de ancho x 2007 de altura), control dixital
-Sistema de refrixeración de cámara de conservación.
Preguntar por Luisa no 660 411 577 ou no 671 631 153

Véndese

-Patacas kennebec brancas.
-Polos caseiros.
Preguntar por María Xesús no 629 927 005 (Compostela)

Véndese

-Tanque de frío de 330 litros.
-Circuito de 3 puntos Alfa Laval.
-Rulos de herba.
Chamar ao 981 694 167 (Mesía)

Véndese

-Tanque de frío (1.780 litros) con lavado automático e trifásico.
Por xubilación (en Betanzos)
Chamar ao 696 105 786

Véndese

-Licor café de moi boa calidade (método tradicional e ingredientes naturais).
-Augardente branca e augardente de herbas de uva de boa calidade e bo grao.
Chamar ao 678 085 696

Véndese

-Dúas limpadoras de cereal.
-Arado gravante.
-Muíño de cereal eléctrico
Chamar ao 982 175 132

Véndese

-Máquina de mallar marca Campelo (antiga) zona de Touro.
Preguntar por Manuel a partir das 20:00 horas, no 981 191 327

Véndese

-30 vacas frisonas
-20 xovencas.
Por xubilación (A Estrada).
Chamar ao 986 586 713

Véndese

-Fresadora inglesa reforzada (1,30 de ancho).
Fresadora de latiguño, semínova.
-Arado de 5 regos.
-Gancho transportar os rolos.
-Sala de muxir de 2 puntos, con motor 2 CV (trifásica)
-2 caldeiros de muxido de 24 litros cada un.
-Tanque de frío PORTINOX 500 litros (trifásica)
-Cargador de batería
-Chave inglesa extra-grande
-Outras ferramentas
Chamar ao 981 798 681

Véndese

-Maceiras de sidra
-Mesa con plantón ecolóxico e castes do país. (En Chantada)
Chamar ao 655 698 299

Véndese

-Tractor Deutz Fahr Agrotone de 120 CV, con pa de 4 botellas, cazo, forquita, inversor hidráulico, aire acondicionado, 4 rodas novas, 4 marchas hidráulicas e 6 grupos, para cambiar por un máis potente.
-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Coche Audi 80 1.8 E
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260 (Paradela-Lugo)

Véndese

-Rotoempacadora NEW HOLLAND de cámara fixa con pick up 2.10. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 981 790 333 e 616 356 436

Véndese

-Millo para ensilar.
Chamar ao 986 573 340

Véndese

-Silo de penso de 4.000 quilos, con división interior, en bo estado.
Chamar ao 981 790 331.

Véndese

-12 xovencas de Rubia.
-1 tractor John Deere 2850 con pa
-1 encintadora suspendida nova marca WOLAGRI
Chamar ao 660 757 070 (Arzúa)

Véndese

-Tanque de frío de 3500 litros.
-Sala de muxido de 8 puntos e millo para ensilar.
Chamar ao 615 696 220

Véndese

-Becerras Limousinas.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Véndese

-Becerras do país para recría, de 2 a 4 meses. (A Graña, O Covelo, Pontevedra)
Preguntar por Tielas nos teléfonos 699 833 797 e 626 442 294

Véndese

-Tractor Class 110 cv, de 3 anos.
-Autocargador Class.
-Abonadora Kun 600 kg.
-Tanque de frío Alfa Laval de 780 litros.
-Segadora BCH
-Ringleirador marca KUN.
-Circuito de 3 puntos.
-Ventilador para as cortes.
-Silos de penso de 5.000 e 2.000 quilos. (Zona Compostela)
Chamar ao 677 244 325

Véndese

-Preciosos cachorros de caza e compañía. Cruce de Hispano Bretón e Setter inglés.
Chamar aos números de teléfono 981 623 006 e 685 545 098

Véndese

-Xovenca de 8 meses.
Preguntar por Tomasa no teléfono 982 144 294

Véndese

-1 becerra marcada en ACRUGA
-2 da raza Blonda Aquitania.
Chamar ao 982 391 008

Véndese

-Xovenca frisona próxima ao parto.
Chamar ao 647 211 507

Véndese

-Vaca de 5 anos con cría de 6 meses.
Chamara ao 982526886

Véndese

-Autopcargador marca Calagri de 22 m³, freo e descarga hidráulica, rodas anchas.
Chamar aos números de teléfono 981 196 875 e 696 699 883

Véndese

-Vacas rubias
Chamar ao 689 752 400

Véndese

-Tanque de frío marca Stork, capacidade 500 l. Bo estado. Prezo 300€
-Circuito marca ALFA-LAVAL 3 puntos, Bo estado. 650€
Chamar ao 982 144 078 ao mediodía ou á noite

Véndese

-Rolos de palla (Baroncelle, Abadin)
Chamar ao 982 178 970

Véndese

-Colmeas
Chamar ao 648 187 857

Véndese

-Cans de raza Pastor Alemán.
Chamar ao 697294144

Véndese

-Tanque de frío de leite de 250 litros e segadora rotativa de 2 discos e 1,85 de traballo
Chamar ao 982 154 274

Véndese

-Viño e augardente do país.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Vacas frisonas por cese explotación
Preguntar por Enrique no teléfono 636 256 131

Véndese

-Vacas e xovencas da raza frisona
Chamar ao 677 244 325

Véndese

-Quad Yamaha Wolverine 450 C.C. 4x4. Ano 2007. Impecable
-Quad Suzuki Izt 250 C.C. semi-automático. Ano 2007. Moi bo estado.
Chamar aos números de teléfono 661 808 545 e 661 808 546

COMPRAS

Mércanse

-Cornadizas e separadores de cubículos.
Chamar ao 982 410 508

Mércanse

-Gavelador de herba
-Segadora de herba
-Preguntar por Manuel no 600 603 338 (Rairiz de Veiga)

OFERTA E DEMANDA EMPREGO

Necesítase

-Persoal para traballos con maquinaria na zona de santiago.
Chamar ao 638 082 772.

Ofrecese

-Traballador para explotación agraria.
Preguntar por Manuel Martínez no teléfono 690 216 094

Ofrezo

-a cambio de coidados, 25 hectáreas de terra no Concello de Castroverde, para instalarse unha parella na actividade agraria e vivenda para compartir
móbil 982 312 386

Ofrecese

-Traballador para explotación agraria.
Preguntar por Manuel Loureiro no teléfono 986 586 667.

OUTROS

Alúgase

-Queixería totalmente equipada con cuba de 1.000 litros. Tamén se vende a maquinaria da queixería. En Guitiriz (Lugo).
Chamar ao 628 980 806

Traspásase

-Explotación de leite (85.000 quilos de cotía) Zona Santiago
Chamar ao 677 244 325

Alúganse

-Fincas na zona de Mesía.
Chamar ao 981 694 167

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitáranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Alerta na sementeira de millo no 2011!!

U nha das ameazas máis sérias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora, está empezando unha forte presión para que sementemos millos transxénicos. Ofrecemos algunhas das razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resementar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos van cambiar, **porque estamos falando de sementes artificiais que se conseguen en laboratorios introducindo xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como é cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo van quedar no millo e que as vacas van comer. Isto, ademais de supoñer un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

Nomes comerciais do millo transxénico MON 810

FOGGIA	DKC5784YG	KARTERYG	ES BLASON
ACCUA YG	DKC5018YG	KAVALAYG	PR31D61
ARENA YG	DKC6041YG	KURATUSYG	PR31N28
ARISTIS BT	DKC6675	LG3711YG	PR32G49
ASTURIAL BT	DKC6667YG	MAS52YG	PR32T86
AZEMA YG	ES ANTALYA YG	MAS58YG	PR32W04
BELES SUR	ES ARCHIPEL YG	MAS60YG	PR33B51
CAMPERO BT	ES MAYORAL YG	MAS71YG	PR33P67
CARELLA YG	ES CAJAUYG	PR35Y69	PR33Y72
ES PAOLIS YG	ESMILONGAYG	PR36B09	PR34N44
HELEN BT	LUSON BT	SF1035T	PR34P86
JARAL BT	KADENAYG PONCHO	SF1112T	PR35A56
EVOLIA YG	KARDANYG	SF4701T	* * *

Eu non semento millo transxénico. E ti?